


LETRAS DE INVERNO

RECOMENDACIÓNS DA BIBLIOTECA ESCOLAR


CPI AURELIO MARCELINO

PARA @S PEQUEN@S




Que pode facer unha avestruz coas súas ás? Pode brincar, aplaudir, saudar, apertar, tocar?? pero Elvira quere algo máis...

Achegar a lectura a crianzas no espectro do autismo é o reto da colección Makakiños. Clásicos revisados e adaptados para que todas poidamos ler.



Os animais, grandes e pequenos, feros e mansos, salvaxes e domesticados, reaccionan ante algo que presenciaron. Que será iso??




Houbo unha vez un lobo feroz e unha nena asustada. Houbo tamén unha avoa indefensa e unha madrastra malvada... Sempre a mesma leria... ou non?

PARA @S MEDIAN@S



Neko é un canciño rescatado dun contedor do lixo por Xoana que se converte no seu mellor amigo e no seu confidente. Con el fala dos seus sentimentos e vivencias de violencia.


Novo libro da nosa veciña Elvira Ribeiro. Un libro que podemos ler do dereito e do revés, comezando por unha lagarta ou por outra.



Algunha vez tentaches contar cantas profesións hai? Que haxa tantas é algo fantástico porque permite que cadaquén atope o traballo que máis lle preste. Tanto ten se che gustan os ordenadores, a danza, a música, a historia, as matemáticas ou as profundidades do océano



Tras a explosión no reactor 4 da planta nuclear de Chernóbil todo semella inerte na cidade do átomo. Desde a súa evacuación, Prípiat é unha cidade en ruínas que os pequenos e as pequenas, ante a ausencia de adultos, se afanan por manter en funcionamento.



PARA @S GRANDES




As cousas entre Nana e Corvo ultimamente non van nada ben. Conseguiran construír un mundo onde compartían todo: películas, música, manga, videoxogos... Non querían separarse nunca. Mais iso era antes. Agora Corvo desaparece durante horas e non conta onde vai

Marta Dacosta danos unha perspectiva única e contextualizada de máis de corenta poetas, desde Xohana Torres e María Xosé Queizán a Olga Novo ou Paula Luís. Para entrarmos na poesía dunha maneira amena



Un misterio que ameaza a vida tranquila dunha aldea afastada no medio do bosqu. Unhas personaxes envelenadas polo seu pasado e unha maldición xurdida na natureza. Banda deseñada.



Reedición dun clásico que revisa clásicos: Anisia Miranda escolle os seus mitos preferidos dos mundos do Olimpo e os conta á súa maneira para nós




Con «A culpa» María Solar mergúllanos nunha narrativa na que non podemos tomar alento ata desvelar por completo esta historia de dominación, tolemia e morte onde a culpa é omnipresente.

Aleksy rematou os seus estudos e planea pasar as vacacións cos seus amigos en Amsterdam, pero todo se torce cando a súa nai –a persoa que máis odia no mundo– o suborna para que pase con ela un último verán nunha pequena vila de Francia.



PARA @S MÁIS GRANDES

A autora explora os novos conceptos de crianza, e as súas implicacións colectivas, nun libro que dialoga con clásicos da literatura feminista ee xoga cos límites da dimensión confesional do xénero.



Recén saído do trínque, novo traballo de Guadi Galego, que ademais musica poemas clásicos da literatura galega e colabora con autoras actuais nas letras

